

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/1023

Feitos

Con data do 23 de xullo de 2025, a directora do Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación e presidenta da comisión de selección da praza 25/1023, de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 4 de xullo de 2025), Rocío Chao Fernández, comunica que incorre en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas.

Ademais o profesor Jesús Miguel Muñoz Cantero comunica que tamén incorre en conflito de intereses cunha das persoas candidatas.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución da presidenta da comisión de selección.

O apartado 6.6 da citada normativa, establece que de non poder actuar a persoa proposta para a presidencia será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón a substitución, para a comisión da praza indicada, de Rocío Chao Fernández por María Luisa Rodicio García, profesora do departamento de maior categoría e antigüidade despois de Jesús Miguel Muñoz Cantero.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández